

**ACTIVIDADES DE REPASO. UNIDADE 1: O SER HUMANO E A SAÚDE (PARTE 2).**

1. Completa a seguinte táboa sobre os métodos de prevención e tratamento contra as enfermidades infecciosas.

	<b>PREVENCIÓN OU TRATAMENTO?</b>	<b>TIPO DE PATÓXENO CONTRA O QUE ACTÚA</b>	<b>QUE FAI?</b>
<b>Hábitos saudables</b>	<b>Prevención</b>	<b>Todos</b>	<b>Axudan a evitar o contaxio mantendo o corpo nun bo estado.</b>
<b>Vacinación</b>	<b>Prevención</b>	<b>Principalmente virus</b>	<b>Introdúcense virus mortos ou atenuados que non chegan a producir a inmunidade, pero que son capaces de desencadear unha resposta inmunitaria específica.</b>
<b>Antibióticos</b>	<b>Tratamento</b>	<b>Bacterias</b>	<b>Inhiben o crecemento das bacterias ou as matan.</b>

<b>Soroterapia</b>	<b>Tratamento</b>	<b>Principalmente virus</b>	<b>Consiste en administrar soros sanguíneos que conteñen anticorpos específicos contra un xerme na persoa que está infectada.</b>
<b>Antivirais</b>	<b>Tratamento</b>	<b>Virus</b>	<b>Fan que os síntomas da enfermidade sexan máis leves pero non a curan.</b>
<b>Antifúnxicos</b>	<b>Tratamento</b>	<b>Fungos</b>	<b>Eliminan ou inhiben o crecemento de fungos.</b>

**2. Cales son os hábitos saudables mínimos que debemos ter para evitar contaxiarnos de enfermidades infecciosas?**

Manter de forma adecuada o estado físico do corpo mediante unha dieta equilibrada, facendo exercicio e durmindo o suficiente.

Boa hixiene persoal: lavar as mans antes de comer ou manipular alimentos, despois de ir ao baño, despois de tapar a boca ao esberrar ou tusir, non compartir alimentos nin bebidas, manter limpo o medio no que vivimos.

Hixiene alimentaria, xa que os alimentos deben estar libres de patóxenos e estar conservados de xeito que se garanta o seu bo estado. Así evitaremos intoxicacións alimentarias.

Usar preservativos nas relacións sexuais para evitar o contaxio de enfermidades de transmisión sexual.

**3. Contesta ás seguintes preguntas sobre a vacinación, relacionadas co vídeo das vacinas que xa vimos (*Los efectos secundarios de las vacunas: ¿tienen mucho riesgo?* <https://youtu.be/tWrk30zMRoo> )**

**a. Que se introduce no corpo por medio das vacinas?**

Introdúcense virus mortos ou atenuados que non chegan a producir a inmunidade, pero que son capaces de desencadear unha resposta inmunitaria específica.

**b. Por que hai campañas de vacinación todos os anos contra o virus da gripe?**

Debido a que o virus da gripe muta tan rápido que a vacina xa non é eficaz de un ano para outro.

**c. Que son as células de memoria do noso sistema inmune?**

Son células producidas despois dunha infección que permanecen inactivas ata que se volve a producir unha infección debido ao mesmo patóxeno que provocou a primeira. Teñen a función de “recordar”, xa que cando detectan ao patóxeno ordenan a produción dos anticorpos específicos para ese patóxeno.

**d. Que é a inmunidade de grupo e porque é importante?**

A inmunidade de grupo é a protección dunha determinada poboación ante unha enfermidade infecciosa debido a que unha elevada porcentaxe da xente é inmune (normalmente debido a que está vacinada).

É importante porque así diminúe a probabilidade de contaxio e as persoas que por motivos de saúde non se poidan vacinar tamén quedan protexidas.

**4. Define.**

**a. Autotransplante:** transplante no que o órgano ou tecido transplantado procede do receptor.

**b. Isotransplante:** transplante no que o doante e o receptor son individuos distintos, pero xenéticamente idénticos (xemelgos univitelinos).

**c. Alosttransplante:** transplantes no que o doante e o receptor son individuos distintos, tamén xenéticamente.

d. **Xenotransplante:** transplante no que o doante é dunha especie diferente á do receptor.

**5. Contesta as seguintes cuestións sobre a sangue:**

**a. Cal é o teu grupo sanguíneo? Que significa?**

A+: Os glóbulos vermellos teñen antíxenos A e antíxenos Rh na súa membrana.

A-: Os glóbulos vermellos teñen antíxenos A na súa membrana.

B+: Os glóbulos vermellos teñen antíxenos B e antíxenos Rh na súa membrana.

B-: Os glóbulos vermellos teñen antíxenos B na súa membrana.

AB+: Os glóbulos vermellos teñen antíxenos A, antíxenos B e antíxenos Rh na súa membrana.

AB-: Os glóbulos vermellos teñen antíxenos A e antíxenos B na súa membrana.

O+: Os glóbulos vermellos teñen antíxenos Rh na súa membrana.

O-: Os glóbulos vermellos non teñen ningún antíxeno na súa membrana.

**b. De quen podes recibir doazóns de sangue? (mirar táboa inferior)**

**c. A quen lle podes doar sangue? (mirar táboa inferior)**

GRUPO	A QUEN PODE DOAR	DE QUEN PODE RECIBIR
A+	A+ / AB+	A±/ O±
A-	A±/ AB±	A-/ O-
B+	B+ / AB+	B±/ O±
B-	B±/ AB±	B-/ O-
AB+	AB+	Receptor universal
AB-	AB±	A-/ B-/ AB-/ O-
O+	A+ / B+ / AB+ / O+	O±
O-	Donante universal	O-